

**CONVOCATORIA PARA A COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA QUENDA DE OFICIO  
E ASISTENCIA AO DETIDO**

A Xunta de Goberno do Colexio en sesión do 19 de febreiro de 2019, acordou convocar nove prazas de letrado para a Comisión de Seguimento da Quenda de Oficio do Colexio.

Todos aqueles letrados que desexen formar parte de dita Comisión, deberán solicitalo na Secretaría do Colexio (Edificio Praza América, Portal de Oficinas, nº 2-1ª Planta).

**Requisitos:**

- 1.- Figurar inscritos nas listas da Quenda de Oficio deste colexio cunha antigüidade mínima de 5 anos.
- 2.- Non estar afectado por corrección disciplinaria.
- 3.- Estar ao corrente no pago das cotas e demais cargas colexiais.
- 4.- Non pertencer ao SOX.

**Baremo:** As solicitudes serán puntuadas conforme aos seguintes criterios:

- Antigüidade na quenda de oficio deste Colexio, 0'25 punto/ano, cun máximo de 2'50 puntos (por ano, ou fracción superior a 6 meses, ininterrompidos ata esta convocatoria).
- Por cada especialidade da quenda de oficio, a seguinte puntuación:

Civil-Mercantil:	1'00 punto	Estranxeiría:	1'00 punto
Matrimonial:	1'00 punto	Violencia-víctimas:	1'00 punto
Laboral:	1'00 punto	Violencia-imputados:	1'00 punto
Penal e Asistencia ao detido:	2'00 puntos	Administrativo:	1'00 punto
- Pertencer a algunha das Comisións da Quenda de Oficio anteriores á que agora se convoca, ou ao S.O.X. (-2) puntos por cada cargo en calquera dos dous servizos.
- O empate resolverase pola maior antigüidade colexial.

**Prazo de admisión de solicitudes:** Ata o día 8 de marzo de 2019.

A Xunta de Goberno designará os membros da Comisión da Quenda de Oficio conforme ao art. 36 do Regulamento da Quenda de Oficio, de entre os solicitantes, oída a proposta da Comisión da Quenda de Oficio cesante.

Os letrados designados exercerán as súas funcións por un período de dous anos.

Vigo, a 19 de febreiro de 2019.

A XUNTA DE GOBERNO